



Ao coidado da afiliación da CIG -Saúde da Comarca de Vigo

Prezada compañeira/o

Como consecuencia da pandemia de COVID-19 que estamos a sufrir, no seu momento (mediados de marzo) a Consellería de Economía, Emprego e Industria suspendeu a programación de formación presencial que en materia de prevención de riscos íamos realizar. Unha vez remitida a situación de confinamento pola pandemia e tras unha negociación do conxunto dos axentes sociais coa Xunta de Galicia, esta procedeu a habilitar a posibilidade de transformar unha parte da programación formativa presencial inicialmente solicitada en formación a distancia a través da modalidade de teleformación. Así as cousas dende a CIG co gallo de atender á demanda e necesidades da nosa afiliación procedimos a adaptar a esta nova modalidade unha parte de aquela formación que agora vos ofertamos co gallo de que poidades realizar os cursos a distancia sen necesidade de sometervos aos riscos de contaxio por COVID-19 que se poderían derivar de realizar as mesmas de maneira presencial.

A realización dos presentes cursos de teleformación a través da nosa plataforma ofrecen ao alumnado un **itinerario formativo sinxelo de seguir, sen especiais dificultades de conexión** e donde cada alumno/a **aproveitando os medios e as ferramentas didácticas** que a plataforma ofrece, poderá realizar o curso podendo **organizar o seu tempo de aprendizaxe dun xeito máis flexible** en función da súa dispoñibilidade, accedendo de **maneira graduada e progresiva aos distintos contidos** (básicamente audiovisuais e en formato pdf) de cada curso, que unha vez visualizados permitirán ao alumnado realizar logo de cada bloque formativo a correspondente **proba de control tipo test** das aprendizaxes realizadas.

Así mesmo o alumnado dispoñerá en todo momento (especialmente interesante ao inicio de cada curso) dun **servizo específico de asistencia técnica telefónica e por internet, para resolver calquera dúbida de conexión ou funcionamento da plataforma**, á vez que cando inicie o curso poderá dispoñer dun **servizo de teletutoría** prestado polo docente de cada acción formativa para resolver todas as dúbidas docentes relacionadas co curso.

Folga dicir que neste caso, unha vez visualizados todos os contidos obrigatorios e realizados os correspondentes exercicios, o alumno/a terá dereito a **certificación**.

Sen outro particular, animádevos a participar nesta oportunidade de teleformación que sen dúbida vos resultará **sinxela, útil e doada de realizar**.

Para calqueira dúbida que teñades e para realizar a necesaria prematriculación co tempo necesario, **podes poñerte en contacto connosco a través dos seguintes medios:**

**LOCAL CENTRAL:** 986 82 79 42 - 986 82 79 43

**H. Álvaro Cunqueiro:** 986 21 77 73 - int.: 515773

**H. Meixoeiro:** 986 81 17 04 - int.: 211704

**Atención Primaria:** 986 82 79 42 - 697 64 03 54

**Páxina web:** [www.cig-saude.gal](http://www.cig-saude.gal) - **Correo:** [c.vigo@cig-saude.gal](mailto:c.vigo@cig-saude.gal)

**Twitter:** [@cigsaudevigo](https://twitter.com/cigsaudevigo) - **Facebook:** [www.facebook.com/cigsaude.vigo.9](https://www.facebook.com/cigsaude.vigo.9)

**WhatsApp para afiliación:** 670 86 08 98

**Sen outro particular, recíbide un cordial saúdo.**